

2023
2026

IV PLAN DE IGUALDADE
DE OPORTUNIDADES ENTRE
HOMES E MULLERES
Concello de San Sadurniño



INDICE

1. SAÚDO CONCELLEIRA	2
2. INTRODUCCIÓN	3
3. CONTEXTUALIZACIÓN LOCAL	4-7
4. MARCO NORMATIVO	8-10
5. PRINCIPIOS REITORES	11-12
6. METODOLOXÍA	13
7. LIÑAS ESTRATÉXICAS	15-27
8. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	28

1. SAÚDO DA CONCELEIRA

Como Concelleira de Igualdade, teño a honra de presentar en nome do Goberno Municipal de San Sadurniño, o IV Plan de Igualdade para o noso Concello.

Un documento que representa o firme compromiso de manter as políticas de igualdade como unha liña estratéxica central na acción de goberno. Dando continuidade a un modelo de gobernanza, do que podemos afirmar con orgullo, que o feminismo e a inclusión constitúen xa un sinal de identidade das nosas políticas municipais. Un modelo que contribuíu, sen dúbida, a impulsar medidas con elevada capacidade de transformación social e de impulso da calidade de vida no noso Concello.

Este IV Plan, implica unha ollada de futuro, que contén o conxunto de obxectivos e medidas que han ser a folia de ruta das políticas municipais de igualdade para os vindeiros catro anos. Destacando entre deles o compromiso de avanzar cara a transversalización e expansión da perspectiva de xénero a todas as políticas municipais, de xeito que se integre nas actuacións de todas as áreas. Coa certeza de que avanzar en igualdade, xustiza social e inclusión é unha cuestión que nos atinxe a todos e todas, o conxunto do goberno municipal asume con compromiso e responsabilidade este reto.

Se ben é certo, que con este plan trazamos a senda que queremos percorrer de agora en diante, é obrigado facer mención a que é sobre todo o resultado do traballo previo realizado desde a aprobación do I Plan de igualdade, alá polo 2007. Un momento a partires do cal, as políticas de igualdade erguéronse con especial forza e visibilidade, para chegar a ser un motor fundamental de transformación e cambio social, influindo con determinación nas dinámicas da acción de goberno, e contribuíndo de xeito inequívoco á calidade de vida do conxunto da poboación de San Sadurniño. Cuestión que evidencia a importancia de contar cun documento estratéxico que defina as políticas de igualdade, pero tamén do imprescindible que resulta contar coa vontade e compromiso político para a súa aplicación efectiva.

Neste senso, quero facer mención e recoñecemento especial ás mulleres que coa súa participación e liderazgo se implicaron e comprometeron de xeito continuado e decidido ao longo destes anos co impulso da perspectiva de xénero como centro da acción de goberno.

Neste momento presentamos unha proposta que é o resultado dun proceso de reflexión colectivo, no que se implicou ao conxunto da sociedade de San Sadurniño: entidades sociais, culturais, deportivas e veciñais, grupos políticos, persoal municipal, veciños, veciñas e outros axentes sociais con papel destacado na vida municipal. Quero agradecer a todas e cada unha das persoas participantes as súas reflexións e aportacións, imprescindibles para a construción dun documento conectado coa nosa realidade, e adaptado ás nosas necesidades. Un documento, que grazas a esta participación podemos asegurar que é de todos e de todas.

2. INTRODUCCIÓN

Un plan local de Igualdade de Oportunidades é un documento por medio do cal o Concello adquire un compromiso real en prol da loita pola Igualdade a través das súas accións . A iniciativa implica a vontade e o compromiso do goberno local de traballar pola Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes . É unha proposta que se elabora partindo do coñecemento da realidade concreta do noso concello e da diagnose das necesidades da mesma en relación á Igualdade de Xénero. Un plan que engloba os obxectivos nos que debemos avanzar, e as medidas a desenvolver para poder acadalos. Para a súa efectiva aplicación, contempla, á súa vez, os recursos humanos e económicos necesarios para a viabilidade da súa aplicación. O documento ofrece un enfoque integral, considerando no seu contido políticas e accións que teñan a posibilidade real de producir cambios cara unha sociedade máis igualitaria e inclusiva

A desigualdade é un problema que afecta a toda a sociedade, polo tanto nos implica a todas e todos. Debemos tomar conciencia de que é unha cuestión que non afecta só ás mulleres, senón, que é unha problemática que implica ao conxunto da poboación. É por iso que o Concello, como administración local, xoga un papel fundamental no impulso da Igualdade, pola súa cercanía e coñecemento da realidade e necesidades dos veciños e veciñas. Conscientes disto, a través do Plan local de Igualdade, expoñemos o compromiso do Concello de San Sadurniño na elaboración de políticas adaptadas á nosa realidade, conducentes a paliar as diferenzas existentes entre mulleres e homes, conducentes a construír unha sociedade máis xusta e igualitaria para todas as persoas, en beneficio do conxunto da nosa sociedade.


Araceli Bellas Castro

3. CONTEXTUALIZACIÓN LOCAL

INFORMACIÓN XERAL DA POBOACIÓN


- A poboación de San Sadurniño e unha poboación altamente envellecida.
- Máis dun 30 % da poboación ten máis de 65 anos.
- A poboación activa está representada por un 48 % de mulleres, fronte a un 52% de homes.

POBOACIÓN	TOTAL	HOMES	MULLERES	PERÍODO
	2.812	1.395	1.417	2021
0 a 15 anos	247	131	143	2021
16 a 64 anos	1.605	835	770	2021
65 a máis anos	933	429	504	2021
Poboación estranxeira	38	19	19	2021
Idade Media	52,47	51,35	53,55	



- A pirámide poboacional, como corresponde a poboación envellecida, ensánchase no termo medio e no final.

- Só un 9,74 % das persoas que viven no Concello teñen menos de 15 anos.



INFORMACIÓN XERAL DA POBOACIÓN FEMENINA

As mulleres representan, sobre a poboación total, un 50,39 %. No tramo de idade de maiores de 65 anos, representa o 54 %. Só no tramo de 16 a 64 anos a porcentaxe de mulleres é lixeiramente inferior, un 48 %.

Indicadores demográficos	Dato	Período
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	2,91	2,91
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	14,19	2020
Índice de envellecemento	284,13	2021
Idade media á maternidade	36	2020
Número medio de fillos por muller	0,53	2020

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

	Total	Homes	Mulleres	Período
Nacementos	9	5	4	2021
Defuncións	44	22	22	2021
Matrimonios	16			2021
Saldo vexetativo	-35			2021

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

	Emigracións	Inmigracións	Período
Á mesma provincia	72	73	2021
A outra provincia	2	9	2021
A outra comunidade	11	8	2021
Estranxeiro	3	10	2021

PARO REXISTRADO POR IDADE

	Total	Homes	Mulleres	Período
Todas as idades	133	59	74	2021
Menores de 25 anos	4	2	2	2021
Outras idades	129	57	72	2021

- As mulleres representan o 55,3 % das persoas paradas.
- Case o 66 % das persoas maiores de 25 anos en paro son mulleres.
- A taxa de desemprego feminino é do 9,61 %, máis de 2 puntos por debaixo da media de Galicia (11,91 % desemprego feminino).

PARO REXISTRADO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

O desemprego das mulleres está concentrado, fundamentalmente, no sector servizos: Un 74 % das mulleres paradas pertencen o sector servizos.

	Total	Homes	Mulleres	Período
Agricultura	9	4	5	2021
Industria	15	12	3	2021
Construción	20	17	3	2021
Servizos	79	25	54	2021
Sen emprego anterior	9	1	8	2021

ALUMNADO MATRICULADO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

	Dato	Período
Educación Infantil	61	2022
Educación Primaria	167	2022
ESO	122	2022

PRESTACIÓNS NON CONTRIBUTIVAS

Nº de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social	Dato	Ano
	28	2021

SISTEMA DE CONTAS

	Dato	Período
Renda dispoñible bruta por habitante	14.791	2019
Produto interior bruto por habitante	20.718	2018

TECIDO EMPRESARIAL

Número de empresas	Dato	Período
Total	253	2020
Persoas Físicas	198	2020
Sociedades Anónimas	2	2020
Sociedades de Responsabilidade Limitada	30	2020
Cooperativas	3	2020
Outras	20	2020

EMPRESAS POR NUMERO DE PERSOAL DESEMPREGADAS

	Nº de empresas	Período
D 0 a 2 persoas asalariadas	221	2020
De 3 a 5 persoas asalariadas	14	2020
De 6 a 9 persoas asalariadas	10	2020
De 10 a 19 persoas asalariadas	6	2020
De 20 a 49 persoas asalariadas	2	2020

PERSOAS PRECEPTORAS DO RISGA

Número de Persoas	Mulleres	Homes	Total	Período
		1	1	2021

PERSOAS BENEFICIARIAS DE PRESTACIONS NON CONTRIBUTIVAS

Persoas beneficiarias		
	Mulleres	Homes
Invalidez	6	3
Xubilación	15	4

PENSIONES MEDIAS POR RANGOS DE IDADE

Tramos de idade	Importe medio de pensión
Entre 0 e 64 anos	870,51 €
De 65 a 74 anos	1.177,53 €
De 75 a 84 anos	977,20 €
Máis de 85 anos	795,07 €
<i>Pensión media</i> 993,35 €	

PENSION MEDIA POR SEXO

Pensión media total	Homes	Mulleres
993,35 €	1.190,66 €	782,89 €

A pensión media das mulleres está un 21,19 % por debaixo da media e supón un 65,75 % da pensión media nos homes.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE VIVEN NO CONCELLO

Homes	Mulleres	Total
213	244	457

CENTROS PRESTADORES DE SERVICIOS BASICOS

Actividade	Prazas
Infancia (pública)	38
Maiores Pública	40
Maiores Privada	24

4. MARCO NORMATIVO

INTERNACIONAL

Convención sobre a Eliminación de tódalas formas de Discriminación contra a Muller, CEDAW, ONU 1979, ratificada por España no 1983.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Estambul), aberto á firma en Estambul o 11 de maio de 2011, entrada en vigor de forma xeral e para España o 1 de agosto de 2014.

A Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local invita ás entidades locais a que adopten unha postura pública sobre o principio de Igualdade de mulleres e homes, sendo o seu papel como institución máis próxima á cidadanía fundamental para “combatir a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria”, e a que apliquen no seu territorio os compromisos definidos na mesma.

OUTRAS

Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero (2011 - 2020).

Estratexia para a igualdade de Xénero 2020-2025.

O informe de 2022 sobre a igualdade entre mulleres e homes na UE (e resto de informes anuais).

ESTATAL

O noso máis alto texto legal, a Constitución Española de 1978 consagra o principio de Igualdade no seu art 14 onde establece que “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social”, dentro do título I “Dos dereitos e deberes fundamentais”.

O art. 28 da Lei Reguladora das Bases do Réximen Local (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local) otorga competencia ás administracións locais para realizar actividades complementarias na área de promoción da muller (entre outras) sendo éste o contexto e a referencia na que se atopan os plans de igualdade municipais.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes fala do necesario complemento normativo para combater a discriminación por razón de sexo e promover a igualdade, tomando medidas específicas a través dos principios de acción positiva, r e p r e s e n t a c i ó n equilibrada e, sobre todo, a transversalidade, entendida como “accións que deben desenvolverse en todas as esferas da actividade social” e, desde a nosa posición, como mainstreaming de xénero.

OUTRAS

Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2018-2021.

Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na nosa Comunidade Autónoma, o goberno, ten o mandato legal de comprometerse pola eliminación da discriminación entre mulleres e homes, promovendo a igualdade. Son referentes:

- Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade (quedando derogadas a Lei 7/2004, galega para a Igualdade de mulleres e homes de 16 de xullo, a Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia de 28 de marzo, a Lei 7/2010, de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e que se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia); modificado entre outras, pola lei 13/2021, de 20 de xullo.
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, Lei galega para a prevención e tratamento integral da Violencia (excepto disp. adic 5ª e 7ª, derogadas, e posteriores modificacións, entre outras a operada pola Lei 14/2021, de 20 de julio).
- Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM, centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- VIII Plan estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2022 - 2027.

5. PRINCIPIOS REITORES

1

IGUALDADE

A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, definida como a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, en calquera ámbito da vida política, social ou económica.

2

COMPROMISO

A aprobación do IV Plan, expresa o firme compromiso do Concello de San Sadurniño coa igualdade de xénero en todos os ámbitos, asumindo de xeito inequívoco: "o exercizo da súa responsabilidade no impulso de políticas públicas tendentes á erradicación das fendas de xénero e das diferentes formas de discriminación das mulleres, un compromiso real e efectivo" .

3

PARTICIPACIÓN

O impulso da igualdade efectiva entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero é unha cuestión que atinxe ao conxunto da poboación de San Sadurniño. Desde o inicio do proceso, na fase de diagnose e elaboración do plan, a participación da cidadanía considerouse un principio esencial para a elaboración dun documento en sintonía coas necesidades da poboación do Concello de San Sadurniño: "O presente plan integra este principio para recoñecer a participación dos distintos axentes sociais e a corresponsabilidade social de organizacións de toda índole, do movemento asociativo, do terceiro sector e da cidadanía en xeral, para contribuír a conformar unha cultura social favorable áx Igualdade entre mulleres e homes nos distintos eidos".

4

EMPODERAMENTO

Mediante o desenvolvemento do conxunto de medidas recollidas no presente plan, promoverase a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, e favorecerase tamén a visibilidade e posta en valor do poder transformador e o papel fundamental desenvolvido polas mulleres na sociedade de San Sadurniño, sexa no plano colectivo ou individual.

5

TRANSVERSALIDADE

Correspóndese co enfoque integrado de xénero, e refírese á responsabilidade de todos os poderes públicos no avance da igualdade entre mulleres e homes. Deste xeito, o Concello de San Sadurniño aposta por integrar a perspectiva de xénero en todas as súas políticas, polo que se impulsa a presenza do enfoque de xénero en todas as actuacións a desenvolver desde cada unha das áreas de acción municipal.

6


INTERSECCIONALIDADE E DIVERSIDADE

Apostando por acadar unha visión máis integradora, o presente plan ademáis do enfoque de xénero, quere contemplar a maneira na que outros factores como son a idade, raza, etnia, capacidade económica, diversidade sexual, diversidade funcional, etc,.. poden dar lugar a situacións de desigualdade, discriminación ou exclusión, que aumentan a vulnerabilidade das mulleres. Polo que con este Plan, ademáis de tomar en conta a diversidade e pluralidade das mulleres, para abordar as súas necesidades, quereos visibilizar e reivindicar o respecto á diversidade e promover a eliminación de calquera discriminación por razón de identidade de xénero ou orientación sexual.


6. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se seguiu para definir as liñas estratéxicas, os obxectivos e as medidas a implantar foron resultado dun proceso participativo previo que se seguiu tanto coas persoas que conformaban os grupos técnico-políticos do Concello de San Sadurniño como a nivel poboación xeral e grupos asociativos en particular, baseándonos, igualmente, na avaliación do III Plan de Igualdade do Concello que rematara meses antes.


En cada unha das 5 fases que durou este procedemento traballouse baixo a premisa de que o IV Plan debería ser un documento ben elaborado que contivera o maior número posible de aportacións da sociedade que o conforma, en todos os seus niveis.




Nunha **primeira fase**, analizáronse documentos oficiais e recolleuse información a través de diferentes métodos de análise, como as enquisas, tanto a través de internet como presencialmente en diferentes edificios municipais, e as entrevistas de carácter individual con axentes clave presentes no territorio, como podían ser o centro escolar, a Garda Civil, o Centro de Día, ou diferentes asociacións.



Para a **segunda fase** partiuse xa dun pequeno esbozo de liñas estratéxicas, resultado do proceso anterior na que se foron incluíndo propostas que iban saíndo nas reunións colectivas e individuais que continuaron a ser o eixe principal de traballo.



A **terceira fase** foi a que consideramos como o proceso de participación propiamente dito, no que, xa cun borrador máis avanzado se foron devolvendo os contidos nel presentes a todos as entidades, centros, grupos determinados, ... identificados previamente.



Na **cuarta fase** xa se foi partindo dun borrador final que completaba o proceso de participación dun xeito máis técnico e de toma de decisións para finalizar na **quinta fase** cos últimos axustes e entrega do plan.

7. LIÑAS ESTRATÉXICAS

OBXETIVO XERAL

Contribuír á existencia dunha sociedade máis igualitaria no Concello de San Sadurniño, transversalizando a Perspectiva de Xénero en toda a actividade municipal, promovendo o empoderamento e a participación socio-política das mulleres, a través de medidas municipais e/ou empresariais de conciliación e corresponsabilidade e, finalmente, erradicando todas as formas de Violencia de Xénero na sociedade local.

- 1 LIÑA Mainstreaming de xénero na administración local
- 2 LIÑA Empoderamento e participación socio-política das mulleres
- 3 LIÑA Conciliación e corresponsabilidade
- 4 LIÑA Loita contra a violencia de xénero

OBXETIVO XERAL

Transversalizar a integración da Perspectiva de Xénero na administración municipal, en todos os campos e áreas, establecendo as condicións básicas, identificando e facilitando a labor ás persoas responsables.

QUE É O MAINSTREAMING DE XÉNERO?

O mainstreaming de xénero é a terminoloxía inglesa utilizada para definir a transversalidade de xénero nos diferentes ámbitos de intervención das políticas públicas, neste caso municipais.

Segundo o Consello de Europa de 1998, é *"a reorganización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar, por parte dos actores involucrados normalmente nestes procesos unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de tódalas políticas"*.

QUE ANALIZAMOS NESTE APARTADO?

Neste apartado, por tanto, pretendemos **facultar á organización local para institucionalizar a integración da perspectiva de xénero baixo unha serie de estratexias** que combinen tanto unha extratexia de integración como de capacitación política e técnica, reflectindo, ao fío do establecido no VIII Plan de estratéxico de Galicia para a Igualdade entre mulleres e homes 2022-2027, a importancia de *"alcanzar a transversalización efectiva da perspectiva de xénero (...) e asegurar a aplicación de políticas de igualdade dirixidas ao persoal ao seu servizo"*.

1.1. Integrar a perspectiva de xénero (en adiante PX) na administración municipal en tódalas áreas ou departamentos durante a vixencia do IV Plan.

1.1.1. Número de medidas realizadas orientadas a integrar a PX na acción municipal: Pacto Local pola Igualdade, Protocolo de actuación ante posibles agresións sexistas en grandes eventos, plans operativos e informes de execución anuais durante a vixencia do plan.

1.1.1.1. Impulsarase o coñecemento da aplicación e integración da transversalidade da PX, mediante o intercambio con outros concellos que destaquen polas súas boas prácticas neste ámbito, realizando cando menos algunha das seguintes accións:

- a) Selección de concellos que destaquen por boas prácticas en relación á expansión de PX nas políticas municipais.
- b) Contacto e realización dun encontro político para intercambio de experiencias con algúns destes concellos.
- c) Xornadas de intercambio de experiencias entre persoal técnico de diferentes áreas e departamentos dalgún dos concellos seleccionados e do concello de San Sadurniño.
- d) Selección de boas prácticas de interese para ser replicadas no concello de San Sadurniño.

1.1.1.2. Elaborarase un Pacto Local Pola Igualdade no que se declare a San Sadurniño como municipio igualitario e libre de violencias machistas durante o segundo semestre de 2023, procurando a máis ampla participación e adhesión.

1.1.1.3. Procederase á sinatura pública da Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na Vida Local durante o primeiro semestre de 2023.

1.1.1.4. Elaboración durante o primeiro semestre de 2024 dun protocolo de actuación ante posibles situacións de agresións sexistas en grandes eventos, para persoal técnico e voluntario, con especial atención ás forzas presentes na Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

1.1.1.5. Na planificación de obra nova, ou nas actuacións de reforma en edificios e instalacións de titulariedade municipal introducirase a PX, contemplando actuacións como a creación de salas de lactancia, colocación de cambiadores de cueiros, introdución de sinalética con criterios inclusivos, etc,...

1.1.1.6. Nomear edificios municipais ou lugares públicos como parques, rúas, prazas, bibliotecas, con nomes de mulleres.

1.1.1.7. Establecer mecanismos de difusión a través do Departamento de Desenvolvemento Local de todas as iniciativas públicas e privadas no eido da Igualdade que poidan ser de aplicación ás entidades e/ou empresas locais, durante todo o período de execución do IV Plan.

1.1.1.8. Realizar por parte da Comisión de Seguimento do IV Plan un plan operativo de cada anualidade do IV Plan con un mes de anterioridade (excepto na primeira anualidade) á data de entrada en vigor.

1.1.1.9. Realizar por parte da Comisión de Seguimento un informe de grado de execución de cada anualidade do IV Plan o mes posterior á súa finalización.

1.1. Integrar a perspectiva de xénero (en adiante PX) na administración municipal en tódalas áreas ou departamentos durante a vixencia do IV Plan.

1.1.2. Porcentaxe da actividade municipal con análise estatístico baixo a PX e datos desagregados por sexo antes da finalización do IV Plan. Memorias de orzamentos con PX.

1.1.2.1. Introducir a visión de xénero na estrutura orzamentaria recollendo nas distintas memorias esta visión, durante toda a vixencia do Plan

1.1.2.2. Darase a instrucción interna de recoller os datos de actividade municipal desagregados por sexo, sempre que sexan xestionados mediante rexistros propios. Esta instrucción interna partirá da persoa que ocupe o cargo de maior responsabilidade e será distribuída a todo o persoal.

1.2. Formado o persoal técnico e político do Concello en Igualdade antes do período de finalización do IV Plan.

1.2.1. Porcentaxe que representa a ampliación de persoas con formación en igualdade en relación ao punto de partida.

1.2.1.1. Consensuarase un plan de formación que garante a participación do persoal en formacións específicas de igualdade durante o período de vixencia do plan, de xeito que se acaden compromisos que garantan a implicación de todas as áreas de xestión, e tamén do persoal político. O plan contemplará cando menos as seguintes formacións:

- a. -curso básico en Igualdade
- b. -curso básico en Violencia de Xénero
- c. -orzamentos con PX
- d. -urbanismo con PX

1.2.1.2. Realizárase formación específica sobre violencia de xénero a nivel básico dirixida ao persoal do SAF e ao persoal de servizos e obras. Planifícase de xeito que facilite a participación en quendas de todo o persoal pertencente a estes servizos municipais.

1.3. Reforzado o enfoque de xénero no desenvolvemento da normativa municipal.

1.3.1. Número de “Circulares pola Igualdade”. Número de ordenanzas, bases de subvencións, convenios, etc que se teñan modificado para integrar a PX.

1.3.1.1. Actívanse as “Circulares pola igualdade”, como mecanismo para a difusión de accións concretas a integrar nos procedementos, ordenanzas, regulamentos, contratos, subvencións, etc, da administración coa finalidade de integrar a PX.

1.3.1.2. Farase unha recopilación de criterios e compromisos establecidos con px que se están a establecer en ordenanzas, subvencións, convenios, contratos etc. para a difusión e impulso destas prácticas mediante as “Circulares pola Igualdade”.

1.4. Consolidado o uso da linguaxe e imaxes inclusivas en toda a actividade da administración local durante todo o período de vixencia do plan.

1.4.1. Difundido o manual de comunicación inclusiva e a obriga da utilización do mesmo na comunicación institucional interna e externa.

1.4.1.1. Revisarase e actualízase no 2023, o manual de comunicación inclusiva non sexista integrando criterios para unha comunicación institucional inclusiva, que promova valores de igualdade e que favoreza a visibilidade de mulleres e homes.

1.4.1.2. Difusión ao persoal do concello do resultado da actividade 1.4.1.1. e dos criterios a seguir para unha comunicación inclusiva nos procesos de información e difusión da actividade municipal, mediante o mecanismo das Circulares pola Igualdade.

1.4.1.3. Darase traslado dos criterios de comunicación inclusiva, non sexista a persoa responsable da comunicación institucional, e deixárase constancia destes criterios nos contratos de comunicación.

1.5. Garantidos os recursos humanos e económicos para o desenvolvemento de políticas de igualdade durante a vixencia do plan.

1.5.1. Número de accións de coordinación realizadas mediante comunicacións internas ou reunións da comisión de seguimento.

1.5.1.1. Contarase con persoal estable e os recursos económicos necesarios para o desenvolvemento das medidas recollidas no plan durante todo o tempo da súa vixencia.

1.5.1.2. Actívanse os mecanismos de coordinación necesarios que garantan a implicación de persoal de tódalas áreas de xestión, de maneira que se impulse a integración da PX en toda a actividade municipal, garantindo así un efecto amplificador das políticas de xénero desenvolvidas especificamente desde a área de Igualdade.

1.5.2. Constituída a comisión técnica de seguimento municipal do IV PIOM para o seu período de vixencia. Número de reunións realizadas. Número de participantes con información desagregada por áreas de xestión e sexo.

1.5.2.1. Creación da Comisión técnica de seguimento do IV Plan de Igualdade, con representación por parte de todas as áreas de xestión municipal. Establecendo unha periodicidade para a súa reunión que permita a coordinación na planificación anual, o seguimento e a elaboración da memoria anual de actuacións realizadas.

1.5.3. Visibilizada a importancia do traballo profesionalizado dos coidados mediante acción que favorezan o recoñecemento positivo do persoal vinculado a esta actividade: SAF, Escola Infantil, Centro de día ...

1.5.3.1. Realízanse actividades que contribúan ao recoñecemento e valoración social dos traballos profesionais vinculados aos coidados, nomeadamente SAF, Escola Infantil, Centro de Día.

1.6. Visibilizado o IV PIOM e mellorada a súa organización e proxección pública, con respecto ao anterior, durante o período de vixencia do Plan.

1.6.1. Espazo para os contidos do Plan de Igualdade na páxina web municipal e número de publicacións realizadas neste espazo etiquetadas como IVPIOM ou de igualdade.

1.6.1.1. Difúndirase e darase visibilidade ao contido do IVPIOM na páxina web, mantendo un espazo operativo nesta, e nas redes sociais do Concello de San Sadurniño, etiquetando as novas, contidos e publicacións relacionadas co plan de igualdade de xeito que se facilite a súa búsqueda, visibilidade e impacto na comunicación.

1.6.2. Plan Interno de Igualdade Municipal durante todo o período de vixencia do plan.

1.6.2.1. Manterase operativo o Plan de Igualdade Interno, en vigor

1.6.3. Presentación ou publicación para difusión dos obxectivos e resultados do IV PIOM por cada unha das anualidades durante o período de vixencia.

1.6.3.1. Realizado un acto (ou publicación coa debida difusión) sobre o inicio de actividade ou resultados do traballo ao inicio de cada anualidade do IV Plan durante todo o período de vixencia do IV Plan.

OBXETIVO XERAL

Promover o empoderamento e a participación socio-política das mulleres do Concello de San Sadurniño como mecanismo favorecedor dunha sociedade máis igualitaria, tendo en conta a súa diversidade.

2.1. Impulsado o cambio de valores na sociedade do Concello de San Sadurniño, a través de campañas de promoción da igualdade que busquen a eliminación dos mandatos de xénero asignados a mulleres e homes en función do seu sexo.

2.1.1. Programación anual de campañas de sensibilización e promoción da igualdade durante a vixencia do plan.

2.1.1.1. Diseñar unha programación anual de campañas de sensibilización e promoción da igualdade e de desmitificación de conductas normadas, rompendo clichés e estereotipos, que contribúan ao empoderamento e participación da poboación e á creación de referentes, durante todo o período de vixencia do plan.

2.1.2. Número de actividades realizadas.

2.1.2.1. Realización de dúas actividades de sensibilización dirixidas especificamente á poboación maior procurando a colaboración e implicación coas persoas participantes en actividades municipais dirixidas a poboación maior, e cos recursos especializados no concello como o Centro de día, Residencia de maiores, etc.

2.1.3. Número de actividades de sensibilización vinculadas ao ámbito educativo colaboradas co CPI San Sadurniño, EIM A Rolada, ou ANPAs que inclúan o enfoque de xénero no seu desenvolvemento. Número de actividades de formación vinculadas ao uso das TIC realizadas con criterios de accesibilidade para a participación.

2.1.3.1. Realizaranse dúas actividades de sensibilización anuais en colaboración co CPI San Sadurniño e coa EIM A Rolada.

2.1.3.2. Dúas actividades de formación no uso das TIC, anuais, facilitando a conciliación para a súa participación, adaptando os horarios dos cursos, ou contemplando o formato online como mecanismo para favorecer a participación.

2.1.4. Número de entidades coas que se establece colaboración en campañas ou medidas promovidas. Porcentaxe de eventos municipais xa asentados nos que se inclúe a PX mediante actividades ou accións.

2.1.4.1. Realizaranse dúas accións anuais que ofrezan referentes e rachen cos estereotipos de xénero, favoreza a visibilización dos teitos de cristal e do talento oculto, integradas en cada unha das actividades xa asentadas na programación municipal como son os torneos deportivos, Chanfaina, formacións e feiras vinculadas ao sector primario e produtivo, certame de poesía, etc., durante todo o período de vixencia do IV Plan.

2.1.4. Número de entidades coas que se establece colaboración en campañas ou medidas promovidas. Porcentaxe de eventos municipais xa asentados nos que se inclúe a PX mediante actividades ou accións.

2.1.4.2. Promoverase a integración da PX na realización de actuacións dirixidas a infancia e adolescencia en colaboración con ANPAs, Clubes Deportivos, e entidades culturais.

2.1.5. Xornada anual con entidades colaboradoras ou entidades de San Sadurniño.

2.1.5.1. Organizarase unha xornada anual, en colaboración coas entidades sociais e entidades colaboradoras, onde as mulleres teñan o protagonismo central, por cada unha das anualidades do IV Plan.

2.1.6. Criterios de puntuación ou compromisos vinculados á promoción da px nas liñas de subvencións a entidades.

2.1.6.1. Manteranse os criterios e compromisos en relación á PX e á Igualdade nas liñas de subvencións para entidades deportivas, veciñais e culturais que traballen e propoñan actividades desde unha perspectiva de xénero.

2.1.7. Premio de boas prácticas en materia de igualdade para entidades de San Sadurniño.

2.1.7.1. Crearase un premio para entidades polas boas prácticas na promoción da igualdade que fomente o recoñecemento público e a visibilidade desta práctica por parte de entidades do territorio.

2.2. Visibilizado, recoñecido e posto en valor o papel das mulleres de San Sadurniño ao longo da historia.

2.2.1. Número de mulleres visibilizadas como referentes na web “Fálame de San Sadurniño”.

2.2.1.1. Empregarase o espazo web de “Fálame de San Sadurniño” para poñer en valor a mulleres do Concello en relación a diferentes ámbitos, cando menos unha por cada anualidade da vixencia do Plan.

2.2.2. Número de accións realizadas en relación á visibilización e recoñecemento das mulleres contribuíndo á creación de referentes locais femininos.

2.2.2.1. Procurarase a visibilidade de mulleres de San Sadurniño que se poidan constituir como referentes nos ámbitos produtivos, culturais, deportivos, empresariais, científicos ou calquer outro no que se poidan constituir referentes cara o resto da poboación mediante o seu protagonismo en actos, publicacións na web, etc.

2.2.2.2. Reserva de espazos para a divulgación de saberes, memoria, e visibilización do valor da aportación das mulleres mediante espazos como “Tempos para compartir”, “Fálame de San Sadurniño”, formacións vinculadas ao sector primario ou outros.

2.3. Mellorado o empoderamento e a autoestima das mulleres do Concello de San Sadurniño, tendo en conta a súa diversidade.

2.3.1. Número de mulleres e/ou entidades que reciben formación ou asesoramento en relación a fomento da actividade productiva, empresarial, ou sobre accións que favorecen a integración da PX na súa actividade (entidades). Número de comunicacións realizadas desagregadas segundo destinatarios: entidades, tecido empresarial, público xeral, etc.

2.3.1.1. Crearase unha base de datos para a difusión de información a mulleres en relación a promoción da iniciativa empresarial e emprendemento desde a área de Desenvolvemento Local para a difusión de medidas e formacións de interese.

2.3.1.2. Dinamizarase un plan de asesoramento e información para o impulso de medidas con PX por parte de entidades do Concello de San Sadurniño, mediante accións concretas de formación.

2.3.1.3. Activaranse medidas de visibilización en relación á participación e creación de cada unha destas medidas, contanto con todos os medios de difusión municipal (paxina web, redes sociais, Novas...)

2.3.2. Número de accións encamiñadas a poñer en valor o traballo de coidados, a promover os autocoidados, a promocionar información sobre a saúde das mulleres. Número de participantes desagregadas por sexo.

2.3.2.1. Realizaranse obradoiros dirixidos a poñer en valor o traballo de coidados, e abordar cuestións relativas ao autocoidado, benestar e saúde das mulleres.

2.3.3. Apartado nos orzamentos participativos para propostas con PX ou sobre actuacións específicas dirixidas as mulleres.

2.3.3.1. Adicarase un espazo propio nos orzamentos participativos, sobre as actuacións con PX ou dirixidas especificamente, fomentando a participación das mulleres nas decisións do Concello, en cada anualidade durante o período de vixencia do plan.

2.3.4. Número de presentacións.

2.3.4.1. Realizaranse presentacións específicas a colectivos, entidades do concello, entidades colaboradoras e recursos municipais ou outros de carácter privado para fomentar o coñecemento e difusión da comunidade do Lavadoiro.

2.3.5. LAVADOIRO activo como grupo ou espazo de encontro entre mulleres, e como espazo seguro para a súa reflexión. Número de reunións do LAVADOIRO durante o período de vixencia do plan, mínimo bimensualmente. Número de publicacións.

2.3.5.1. Promoverase a participación e ampliación do tecido comunitario no Lavadoiro facilitando promoción e visibilidade da actividade da comunidade.

2.3.5.2. Garantirase o apoio e impulso do Lavadoiro implicando a medios profesionais e económicos para a súa dinamización por parte do Concello de San Sadurniño

2.3.5.3. Integrarse a comunidade do Lavadoiro nas campañas e accións municipais encamiñadas a sensibilizar e previr a violencia de xénero.

2.3.5.4. Impulsarase a visibilidade e difusión por parte dos medios de comunicación a nivel municipal da actividade do Lavadoiro (web, rrss, novas...)

2.3.5.5. Realizarase unha acción anual de visibilización da actividade do Lavadoiro vinculado á data reivindicativa do 25 de novembro.

2.3.6. Lavadoiro integrado na Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

2.3.6.1. Integrarse á comunidade do Lavadoiro na Mesa de Coordinación Local sobre Violencia de Xénero e na Comisión de Seguimento do IV Plan de Igualdade.

2.4. Visibilizado e posta en valor o liderado e o talento feminino nos diferentes ámbitos da vida municipal.

2.4.1. Número de accións de sensibilización e concienciación levadas a cabo en relación visibilizando e destacando o papel das mulleres en relación a diferentes áreas de acción municipal, cando menos 8 no período de finalización do IV Plan. Número, sexo e idade das persoas asistentes. Participación equitativa (en canto aos referentes) de homes e mulleres nas actividades organizadas polo Concello.

2.4.1.1. Establecerase o criterio de introducir na comunicación municipal o criterio de representación paritaria para visibilizar o liderado feminino na acción de goberno. Establecerase o criterio de representación feminina en roles de liderado ou referentes nas accións programadas en relación a calquera área de acción municipal cultura, deportes, desenvolvemento local, turismo, etc.

OBXETIVO XERAL

Promover medidas municipais e/ou empresariais de conciliación e corresponsabilidade para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das veciñas e veciños do Concello de San Sadurniño.

3.1. Promovida unha sociedade máis igualitaria mediante o fomento da corresponsabilidade e a consideración das medidas de conciliación axustadas ás necesidades da poboación de San Sadurniño, de xeito que se facilite a participación e desenvolvemento dos proxectos de vida en condicións de igualdade entre mulleres e homes no Concello de San Sadurniño. Contempladas as facetas de coidados á infancia, a persoas maiores, con diversidade funcional etc.

3.1.1. Informe sobre as necesidades de conciliación da poboación de San Sadurniño en relación a actividade laboral e participación en actividades promovidas desde o Concello de San Sadurniño.

3.1.1.1. Realizarase un estudo de diagnose das necesidades de conciliación da poboación de San Sadurniño relacionadas coa participación en actividades promovidas polo concello. Utilizarase un modelo de enquisa asociado ás actividades municipais (escolas municipais, deporte, formación, etc.) durante todo o ano 2023.

3.1.2. Número de actividades municipais destinadas á conciliación familiar durante o período de vixencia do plan. % de nenas e nenos de San Sadurniño con solicitude de praza en actividades de conciliación municipal, resultan admitidos.

3.1.2.1. Manterase a oferta de actividades de conciliación, vinculada a periodos vacacionais: Aldea de Verán, actividades vinculadas a outros períodos vacacionais como nadal, pascua, entroido..)

3.1.2.2 Fomentar a coordinación con entidades que promoven actividades dirixidas a menores e familias para acadar unha oferta complementaria de horarios eficiente para facilitar a conciliación durante toda a vixencia do Plan.

3.1.2.3 Promover actividades orientadas a persoas coidadoras e fomentar a participación e visibilidade dos homes neste rol, durante toda a vixencia do Plan.

3.1.2.4. Desenvolverase actividades coa temática de corresponsabilidade na crianza, nos coidados e no traballos vinculados ao fogar nos foros e actividades dirixidas a familias como Tempo de Familias, Tempos para compartir ou outras.

3.1.2.5. Diseñar accións concretas asociadas a visibilizar o traballo de coidados e introducir a perspectiva da corresponsabilidade, durante toda a vixencia do Plan

3.1.3. Número actividades con temática de corresponsabilidade realizadas no período de vixencia do plan.

3.1.3.1. Desenvolveranse accións específicas coa temática de corresponsabilidade e/ou novas masculinidades, dirixidas a homes con contidos referidos a coidados, tarefas domésticas etc .

3.1.3.2. Desenvolveranse accións específicas con temática de corresponsabilidade dirixidas a mulleres con contidos referidos a pequenas reparacións domésticas, contidos básicos de mantemento do automóvil etc.

OBXETIVO XERAL

Erradicar todas as formas de Violencia de Xénero na sociedade do Concello de San Sadurniño.

4.1. Mellorada a atención ás vítimas de VX durante o período de vixencia do plan, fortalecendo a resposta institucional do Concello de San Sadurniño, en materia de protección e atención integral, facilitando a resposta ás usuarias.

4.1.1. Número de persoas (desagregadas por sexo e responsabilidade (persoal técnico/voluntariado) que reciben formación en VX.

4.1.1.1. Realizaranse formacións sobre VX ao persoal municipal de todas as áreas tal como se indica nas medias 1.2.1.1. e 1.2.1.2.

4.1.2. Número de actuacións dirixidas a información e difusión dos recursos existentes para a atención a mulleres vítimas de VX. Guía de recursos.

4.1.2.1. Elaborarase unha guía básica cos recursos (incluíndo a información relativa a servizos e recursos municipais) para atención a mulleres vítimas de VX.

4.1.2.2. Difundirase e facilitarase o acceso a esta guía ao conxunto da poboación de San Sadurniño mediante a publicación na web, redes sociais, novas etc e coa súa distribución a entidades e difusión ao persoal municipal de tódalas áreas.

4.1.2.3. Difundirase a existencia da Comunidade do Lavadoiro.

4.1.3. Número de reunións da Mesa Interinstitucional contra a VX.

4.1.3.1. Reactivarase a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional na primeira anualidade do Plan.

4.1.3.2. Elaborarase unha Estratexia de coordinación da Mesa Local de coordinación na segunda anualidade do Plan.

4.1.3.3. Realizaranse reunións semestrais da Mesa Local de coordinación durante a vixencia do plan.

4.2. Reforzada a sensibilización e concienciación da sociedade do Concello de San Sadurniño sobre a Violencia de Xénero en todas as súas formas e manifestacións.

4.2.1. Número actividades de concienciación, sensibilización ou formación en relación á VX desenvolvidas durante a vixencia do Plan.

4.2.1.1. Realizaranse accións de sensibilización e charlas formativas sobre a violencia de xénero dirixidas a alumnado do CPI de San Sadurniño, entidades, e á poboación en xeral. Procuráse abordar esta temática contando coa perspectiva de situacións, ou testemuñas reais para acadar unha maior concienciación.

4.2.2. Número de persoas (desagregadas por sexo) que acuden a actividades de concienciación, sensibilización ou formación en relación á VX desenvolvidas durante a vixencia do Plan. Decálogo para a realización de eventos libres de violencias. Nº de accións realizadas para a difusión do decálogo.

4.2.2.1. Procurarase a implicación das entidades en campañas e accións concretas de sensibilización sobre a VX.

4.2.2.2. Elaborarase un decálogo para a realización de eventos libres de violencias.

4.2.2.3. Darase difusión do decálogo para a realización de eventos libres de violencias, e procurarase a implicación das entidades para a visibilidade en ditos eventos e actividades organizados no noso concello como espazos seguros e libres de violencia.

4.2.2.4. Manterase activo o Lavadoiro como comunidade de apoio e participación da poboación en relación á loita e prevención da VX.

8. SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O sistema de seguimento e avaliación descansará basicamente na creación da **Comisión técnica de seguimento do IV Plan de Igualdade** que contará coa seguinte representación:

- ⇒ Persoal Político e Técnico da Área de Igualdade.
- ⇒ Persoal Político de Facenda ou Réxime Interior
- ⇒ Secretaría/Intervención Municipal.
- ⇒ Persoal Técnico de Cultura.
- ⇒ Persoal Técnico de Deportes.
- ⇒ Técnica de ADL.
- ⇒ Persoal Técnico de Benestar Social

Establecerase para as súas reunións unha periodicidade que permita a coordinación na planificación anual, o seguimento e a elaboración das memorias requiridas. Basicamente se contará con:

- Un **plan operativo de cada anualidade do IV Plan** realizado cun mes de anterioridade (excepto na primeira anualidade) á data de entrada en vigor.
- Un **informe de grado de execución de cada anualidade do IV Plan** realizado no mes posterior á súa finalización.
- **Fichas de seguimento** que se establecen como anexos e que servirán de base para o seguimento e a avaliación do Plan.

Con respecto á periodicidade da avaliación, e aínda que se tomaran como base os documentos que se elaborarán con carácter anual, haberá dous momentos sinalados na mesma:

1. **Finalización da segunda das anualidades**, para valorar a media da viabilidade do propio Plan.
2. A **avaliacion final** coa finalización da cuarta anualidade.

